

que non o viviron en primeira persoa sexan conscientes da orixe das súas melloras respecto das súas nais e avoas, e para que o avance cara á verdadeira liberdade da muller prosiga o seu camiño:

A pobreza recae cada vez máis sobre a muller. O reforzamento das relacións patriarcais imponen a inferioridade das mulleres, incide na súa dependencia económica [...] O movemento feminista leva loitando pola emancipación da muller desde sempre e porque sexa visible na sociedade. (pp. 210-211)

Vanesa RODRÍGUEZ TEMBRÁS

FERNÁNDEZ CASTRO, Xosé Manuel (2011): *A obra dramática de Roberto Vidal Bolaño*. Santiago de Compostela: Laiovento, 591 pp.

A publicación do libro que, segundo o seu autor, “sintetiza a tese de doutoramento” sobre a obra de Roberto Vidal Bolaño, salda unha conta do espazo académico galego co seu teatro. Roberto Vidal Bolaño é, seguramente, un dos autores menos desatendidos e, paradoxalmente, máis superficialmente tratados do teatro galego. Dez anos despois da súa morte, só o libro *Roberto Vidal Bolaño, escritor escénico*, editado en 2002 por Teresa Vilariño e Carmen Becerra, no que se reúnen estudos parciais sobre diversos aspectos da súa obra, trataba de abordar ese espazo de atención que a recente morte do autor semellaba esixir. Mais despois diso, e unha vez pasado o tempo de homenaxes e recoñecementos, os textos de Vidal Bolaño seguían sen contar cunha edición completa, coidada e crítica, ao tempo que as diversas facetas da súa figura, máis alá do teatral, continuaban espaxadas pola tenue memoria dos seus contemporáneos, polo efémero papel dos xornais ou pola difícil heteroxeneidade da polifacencia. Este libro de Xosé Manuel Fernández Castro incide xustamente na resolución dese problema a través dunha achega que aspira a ser definitiva en certo sentido, pero, sen ningunha dúbida, desexa ao tempo abrir as canles de reflexión que permitan a consideración crítica seria e rigorosa que a arte teatral de Roberto Vidal Bolaño merece.

Sen dúbida estamos a falar dun deses autores que fan parte do que podemos denominar “canon dinámico” do teatro galego (Sheffy, 1990). Ese é, xustamente, o punto de partida de *A obra dra-*

mática de Roberto Vidal Bolaño: un repaso emocionado, escrito desde unha admiración que Xosé Manuel Fernández non oculta, ás expresións arredor da canonicidade do autor, sobre todo ás aparecidas na prensa, amosando así unha das ferramentas metodolóxicas fundamentais no proceso de investigación. É perigoso o traballo a partir de publicacións xornalísticas que, se ben é extremadamente útil para a reconstrución de fragmentos de historia imposíbeis de rescatar doutros xeitos, tamén introduce a miúdo o punto de vista, a urxencia e a imprecisión coa que se expresa o xornalista. Porén, a historia recente constrúese en boa medida a través do xornalismo, especialmente a historia dunha arte efémera como é a escénica, e Xosé Manuel Fernández aproveita con habelencia este recurso á hora de dar conta do Vidal Bolaño real, da persoa, alén do personaxe que el mesmo construíu a través da súa figura pública.

Non quixera pasar por alto unha precisión que me parece de calado metodolóxico e con implicacións interesantes para a investigación teatral galega: a consideración do concepto de “dramaturgo”. Nas páxinas iniciais do libro, o autor precisa e acouta o seu ámbito de investigación á actividade dramática (escrita) de Vidal Bolaño, aínda que axiña comprobamos que Xosé Manuel Fernández xamais perde de vista que esa actividade literaria, neste caso, é absolutamente subsidiaria dun concepto amplo desde o que o líder de Teatro do Aquí entendía o feito escénico como espazo onde confluían diversas artes e onde a escrita era, sen dúbida, un instrumento fundamental da teatralidade. Aplícase, por tanto, o termo que daba título ao libro de Becerra e Vilariño, “escritor escénico”, demostrando a súa utilidade alén do estrictamente terminolóxico.

O libro contén tres grandes partes. A primeira correspóndese cos dous primeiros capítulos “Sobre a importancia de Vidal Bolaño” e “Sobre a carreira de Vidal Bolaño”. Neles expónse o devandito punto de vista canonizador arredor das múltiples actividades do dramaturgo, incidindo especialmente na súa faceta escénica a través do relato pormenorizado da súa vida. Neste senso, poderíamos dicir que o segundo capítulo do libro supón a primeira biografía do autor compostelán, nun relato minucioso realizado a partir da revisión das súas entrevistas na prensa, as súas autorreferencias e, por suposto, a lembranza escrita dos seus contemporáneos, mesmo a través de entrevistas inéditas cuxa publicación sería unha noticia feliz. Dáse, por iso, unha nova lectura dun Roberto Vidal

Bolaño ao que por fin imaxinamos na infancia e nunha mocidade en boa medida decisiva para comprender a súa posterior dedicación ao teatro.

O segundo grande espazo de contidos do libro ten que ver coa catalogación, clasificación e valoración crítica da obra dramática de Roberto Vidal Bolaño, ao longo dos capítulos “Catalogación e clasificación da obra dramática” e “Visión de conxunto da obra dramática bolañesa”, capítulo, este último, esencialmente argumental e histórico-crítico, interesante mesmo como recurso para a consulta. É no capítulo 3 onde o autor toma decisións de maior calado crítico e compromiso metodolóxico á hora, sobre todo, de tentar *por orde* ou secuenciar unha obra heteroxénea, ampla e, sobre todo, tremendamente debedora das necesidades escénicas das sucesivas compañías que foi fundando Roberto Vidal Bolaño, para alén do seu traballo digamos externo, en especial o directamente canonizador, como é a súa actividade para o Centro Dramático Galego.

Quixera determe brevemente no criterio organizador que emprega Xosé Manuel Fernández á hora de clasificar a obra. O autor parte dunha declaración de principios ben atinada: “Os ambientes, motivos, teimas, asuntos e temas resultan ser criterios pouco efectivos para a clasificación do catálogo dramático de Roberto Vidal Bolaño [...] de xeito que as taxonomías son complexas e, en certa medida contraditorias, o que as fai inestables polo seu baixo potencial didáctico” (páx. 181). É esa vocación didáctica a que leva o autor ao emprego dun criterio dramatólxico amplo que lle permite incluír na clasificación un concepto de obra atinado e globalizante no que ten cabida mesmo a análise de pezas que se decide excluír ou, cando menos, dudar da súa filiación autorial a Vidal Bolaño. Así, malia que poida ser discutíbel a decisión de excluír aquelas pezas cuxa intención non era seren escritas para a escena, como *2132*, publicado no número 8 da *Revista Galega de Teatro*, ou atender de xeito diverso distintas fórmulas de adaptación ou elaboración dramaturxica (*Rosalía*, de Otero Pedrayo vs. *Oé, oé, oé*, de Maxi Rodríguez), o certo é que Xosé Manuel Fernández amosa igualmente unha reflexión sobre esas *actividades dramáticas* do autor no marco da súa produción teatral, de xeito que fican non só consideradas, senón ademais explicadas no marco da heteroxeidade da súa produción.

É así como Xosé Manuel Fernández elabora unha clasificación por “Segmentos” a través de diversos criterios que se entretecen nunha elabo-

ración metodolóxica complexa: textos non dramáticos, textos adoptados, textos adaptados, textos apropiados ou versións libres, textos pensados “para todos os públicos”, textos pensados para espazos abertos ou de rúa, textos monolóxicos, textos da inconcreción temporal, textos sobre o pasado e textos sobre o presente. Vemos, por tanto, que Xosé Manuel Fernández aplica diversas categorías dramatólxicas (intención escénica, percepción da autoría, tipoloxía do público, tipoloxía formal arredor do reparto de voces, espazo e tempo), mesturando criterios teatrais ou extradiexéticos moi vencellados coa actividade escénica do autor con criterios puramente dramáticos ou diexéticos, vencellados coa elaboración *escrita* das obras. É un criterio que, na nosa opinión e como todos os criterios para a clasificación dunha obra heteroxénea, presenta problemas derivados, esencialmente, da posíbel recategorización dalgunhas obras ou da súa adscripción múltiple (*Cochos*, por exemplo, é formalmente un monólogo mais temporalmente adscribíriase ás obras coetáneas) e mais do emprego de conceptos de carácter abondo subxectivo ou problemático para a Teoría Teatral (*autoría, intención...*). Porén, a clasificación de Xosé Manuel Fernández é probabelmente, de todas as propostas publicadas ata a actualidade, a que mellor demostra a necesidade de non acoutar en exceso os criterios de clasificación nunha obra que o seu autor elaborou conscientemente complexa, á par da propia complexidade da súa evolución como artista, cousa da que o percorrido catalogador de Xosé Manuel Fernández dá boa conta.

O terceiro ámbito conceptual do libro vén constituído por un longo capítulo no que o autor realiza unha análise textual-dramatóllica por menorizada de *Agasallo de sombras*, estudo arredor da obra interesantísimo e definitivo (dentro do definitivas que poden ser as nosas lecturas que, gustándonos reivindicar a Gadamer, viven permanentemente inacabadas no círculo hermenéutico). Xosé Manuel Fernández toma aquí unha decisión difícil: a de escoller unha soa obra entre a múltiple produción de Vidal Bolaño, a que el considera máis representativa e contedora da complexidade literaria e teatral do autor. Así, o autor achega aquí os puntos de vista historiográfico (moi recomendábel e metodoloxicamente interesante: un percorrido cronolóxico a través da prensa e espazos de exhibición que reconstrúen a montaxe), hermenéutico (aínda que mellor sería denominalo “arredor das influencias”), dramatólxico (interesante porque a “disección formal” dá

conta dunha *estilística* bolañesa) e teórico-crítico (ou mesmo ideolóxico-político). De certo, na súa elaboración e exemplificación concreta, estes catro grandes puntos de organización analítica poderían ser empregados como un completo modelo de análise dramatolóxico de calquera peza dramática. Nese senso, había neste capítulo 5 (“Estudo de *Agasallo de sombras*”) un outro libro, tanto pola súa independencia a respecto da visión globalizante que supón todo o previo, como polo seu interese particular e independente.

Finalmente, unha bibliografía moi detallada e convenientemente clasificada proponnos unha revisión e fonte de consulta útil (e unha vez máis, didáctica) desde a que ampliar ou discutir este libro que, de xeito suxestivo e rigoroso, nos convida non só a non esquecer ao Vidal Bolaño dramaturgo, senón tamén a encetar novas liñas de análise que permitan facer xustiza á súa obra e á súa importante personalidade como pai do teatro galego contemporáneo.

Inmaculada LÓPEZ SILVA

Bibliografía citada

BECERRA SUÁREZ, Carmen e VILARIÑO PICOS, M^a Teresa (eds.) (2002): *Roberto Vidal Bolaño, escritor escénico*. Lugo: Tris Tram.

SHEFFY, Rakefet (1990): “The Concept of Canonicity in Polisystem Theory”, *Poetics Today*, vol. 11, n^o 3, pp. 511-522.

FRÍAS CONDE, Xavier (2010): *Compendio de gramática galega*. Girona: Romania Minor (*Ianua*, suplemento 9), 147 pp.

FRÍAS CONDE, Xavier (2010): *Cuestións de lingua galega*. Girona: Romania Minor (*Ianua*, suplemento 10), 130 pp.

Xavier Frías Conde, ademais de prolixo escritor e tradutor¹, é un destacado especialista en lingüística iberorrománica e docente de linguas galega e portuguesa na UNED. Nos últimos doce anos vén publicando na editora Romania Minor² unha serie de suplementos monográficos, complementarios ao anuario *Ianua. Revista Philolo-*

gica Romanica, dedicados a diferentes aspectos glotolóxicos (ortografía, fonética e fonoloxía, gramática, sintaxe, sintagmática, semántica, dialectoloxía, pragmática, psicolingüística) vinculados a distintas linguas e variedades lingüísticas iberorrománicas (asturiano, eonaviego, catalán, español, galego, portugués, sanabrés, sardo, etc.). Nesta colección de Romania Minor, accesibel tamén en formato electrónico³, Frías Conde dedícalle ao galego catro monográficos de índole gramatical e morfosintáctica: *Introdución á sintagmática do galego* (2011), *Compendio de sintaxe galega* (2010), *Compendio de gramática galega* (2010) e *Cuestións de lingua galega* (2010). Nesta ocasión presentaremos os dous últimos ensaios, que constitúen os suplementos 9 e 10, respectivamente, da revista *Ianua* á que xa fixemos referencia.

No primeiro caso, o *Compendio de gramática galega* aspira a ser unha gramática de uso e consulta –como o mesmo autor declara na contraportada do libro⁴– do galego contemporáneo para os estudantes e lectores en xeral que pretenden abordar por primeira vez a lingua galega, ben a partir dun descoñecemento absoluto do noso idioma, ben accedendo a partir doutra lingua románica. Partindo dun primeiro bloque (capítulos 1 a 5) dedicado aos trazos fonéticos e ortográficos máis característicos (o alfabeto, regras de acentuación prosódica e diacrítica, uso de determinados grafemas, etc.), o *Compendio* fai a continuación (capítulos 6 a 13) un repaso dos principais riscos morfosintácticos do galego, distinguindo unidades, funcións e contextos de uso: determinantes, posesivos, demostrativos, numerais, cuantificadores, interrogativos, flexión de xénero e número, pronomes (contextos de énclise e próclise dos clíticos), contextos de negación, afirmación ou interrogación, mecanismos de comparación e cuantificación; o verbo (a conjugación e os paradigmas verbais, as perífrases), adverbios e conectores prepositivos, etc. Nas páxinas finais do monográfico (pp. 139-143) inclúese un útil *Glosario*, quizais, ao noso xuízo, máis breve do desexado (tendo en conta o perfil de lector ao que vai dirixido), no que se escolman algún dos conceptos aos que (in)directamente se fixo referencia ao longo do

¹ <http://www.xavierfriasconde.es.tl/>.

² <http://www.romaniaminor.net/>.

³ Pódense consultar en pdf ou en formato flash: <http://www.romaniaminor.net/ianua/sup.htm>.

⁴ Neste sentido, malia ser un ensaio eminentemente práctico, sería recomendábel incorporar unha mínima introdución explicativa ao inicio da monografía destinada ao lector pouco avezado na lingua en cuestión. Esta puntualización atinxiría tanto ao *Compendio de gramática galega* coma ás *Cuestións da lingua galega*.